



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA DE CONCELLOS DO RIBEIRO PARA A REGULACIÓN DA XESTIÓN DELEGADA DA MICROPLANTA DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DA COMARCA DO RIBEIRO.

En Ourense, no Pazo Provincial, o 20 de novembro de 2010, comparecen:

Dunha parte, don José Luis Baltar Pumar, presidente da Deputación Provincial de Ourense.

Doutra parte, don Francisco José Fernández Pérez, presidente da Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria de Concellos do Ribeiro.

Dá fe do acto o secretario xeral da Deputación Provincial, don Francisco Cacharro Gosende.

Ámbolos dous comparecentes actúan en representación, respectivamente, das entidades locais de referencia, no exercicio das atribucións de representación legal das ditas entidades que lles confire o ordenamento xurídico vixente.

Na súa virtude, **EXPOÑEN:**

1º) Que, mediante acordo plenario de 28 de abril de 2006, a Deputación Provincial de Ourense creou o servizo público supramunicipal (de competencia provincial) de transferencia de residuos sólidos urbanos a través das microplantas de transferencia de titularidade da Deputación Provincial. Entre estas microplantas, áchase a da comarca do Ribeiro, cuxo ámbito territorial abrangue os municipios de Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia.

2º) Que no dito acordo plenario, a Deputación acordou delegar a xestión da microplanta do Ribeiro na Mancomunidade, por tempo indefinido, comunicándose pola dita entidade intermunicipal a súa aceptación expresa; sendo esta mancomunidade a que, dende entón, ven xestionando a microplanta, que da servizo ós municipios sinalados no apartado anterior, dos que na actualidade tres deles (Melón, Ribadavia e Carballeda de Avia) no están integrados na mancomunidade.

3º) O acordo de delegación previa a subscripción dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e as entidades locais delegadas para desenvolver en detalle os termos ós



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

que se suxeitaría esta delegación, concretando en todo caso unha serie de condicións xerais ás que necesariamente debían axustarse estes convenios. Non obstante, estes convenios de cooperación non chegaron a subscribirse, debido á dilación na tramitación dun convenio entre a Deputación Provincial e a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., relativo a estas mesmas microplantas. Inicialmente, a previsión era a transferencia da xestión das microplantas a SOGAMA (solución contemplada nun convenio de data 1 de abril de 2004, que non obstante non chegou a levarse a cabo nunca) pero posteriormente estudouse como fórmula alternativa que a xestión das microplantas se atribuíse á propia Deputación Provincial (por si ou mediante delegación nas mancomunidades) exonerando a SOGAMA da obriga de xestionalas, e que, en contrapartida por esta xestión, SOGAMA aboase á Deputación Provincial a mesma cantidade que actualmente está a aboar á empresa xestora das plantas de transferencia de titularidade de SOGAMA. Nun estudo elaborado para o efecto polo Servizo de Augas e Medio Ambiente, propúxose que SOGAMA aboase á Deputación a cantidade de 3,65 € por tonelada transferida, en compensación pola redución de custes loxísticas e de investimento que a creación das microplantas provinciais supuxo para SOGAMA.

Con data 1 de febreiro de 2010, a Deputación Provincial e SOGAMA S.A. asinaron un convenio de cooperación cun prazo de duración de catro anos (prorrogables), en virtude do cal, en síntese, a Deputación asumía a obriga de xestionar – por si ou mediante delegación a favor das mancomunidades da provincia – as once microplantas de transferencia de titularidade provincial existentes en Ourense, asumindo SOGAMA, en contrapartida, a obriga, en primeiro lugar, de recolle-los residuos tratados nas microplantas provinciais, asumindo a súa propiedade dende a entrega, e procedendo á súa completa xestión a partir dese momento, e, en segundo lugar, a obriga de aboarlle á Deputación Provincial a cantidade de 3,65 € (IVE excluído) por cada tonelada de lixo entregada, estimando o custe soportado pola Deputación, por cada tm transferida, en 4,64 euros.

4º) Evidentemente, esta compensación económica percibida por parte da Deputación Provincial debe ser trasladada ás mancomunidades intermunicipais que xestionan por delegación estas instalacións, pois son estas entidades as que realmente asumen os seus custes de xestión. Non obstante, debe terse en conta, para estes efectos, que a compensación acordada



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

entre SOGAMA S.A. e a Deputación Provincial de Ourense (3,65 €/tm) é unha media provincial, determinada en función do custe medio, que é de 4,64 euros por tonelada. Aplicando unha fórmula proporcional (dado que os custes de transferencia de lixo non son iguais nas diferentes microplantas, debido fundamentalmente ó diferente volume de lixo transferido en cada unha deles, que determina a variación nos custes variables de xestión en cada caso aplicables) segundo o estudo elaborado polo Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación Provincial, a compensación aplicable no caso da microplanta do Ribeiro sería de 3,17 €/tm (dado que o custe estimado de transferencia de cada tonelada nesta planta é de 4,04 euros). Por conseguinte, a compensación económica que debe trasladarse á Mancomunidade do Ribeiro é de 3,17 euros / tm.

Polo exposto, e ante a necesidade de proceder a regula-lo mecanismo de compensación económica previsto, así como desenvolver os aspectos fundamentais da delegación efectuada, as partes consideran necesaria a sinatura dun convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes **CLÁSULAS**

Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten como obxecto regula-la cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria de Concellos do Ribeiro para a xestión delegada, pola mancomunidade da microplanta de transferencia de residuos sólidos urbanos de titularidade da Deputación Provincial de Ourense da comarca do Ribeiro.

A microplanta de transferencia de residuos sólidos urbanos da comarca do Ribeiro forma parte do servizo supramunicipal de transferencia de residuos sólidos urbanos creado pola Deputación Provincial de Ourense por acordo do Pleno provincial de 28 de abril de 2006. Integrárase funcionalmente no sistema de xestión de residuos sólidos urbanos actualmente xestionado por SOGAMA, sen prexuízo do mantemento da súa titularidade provincial, coa condición de bens de dominio e servizo público. O seu ámbito territorial abrangue os municipios de Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia

O exercicio das competencias de ordenación e xestión da microplanta corresponderalle á Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria de Concellos do Ribeiro, por delegación da Deputación Provincial de Ourense. Esta delegación terá efectividade durante o prazo de



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

vixencia do presente convenio, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga e das facultades de revogación que corresponden á Deputación Provincial de Ourense no caso de incumprimento das condicións de exercicio da dita delegación, que se exercerán conforme ó establecido na cláusula oitava para os supostos de resolución do convenio.

Segunda.- Condicións da delegación.-

a) A Mancomunidad Intermunicipal de Concellos do Ribeiro deberá xestionar a instalación da microplanta de acordo coas consideracións e directrices establecidas no Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia e na memoria de actuacións do Plan de actuacións para a recollida selectiva de residuos urbanos na provincia de Ourense, que serviu de base para a construción das microplantas.

b) A Mancomunidad poderá xestionar o servizo de forma directa ou indirecta, á súa elección, e por calquera dos medios previstos na lexislación de réxime local. Entre tanto non se aprobe a indicada ordenanza fiscal, para o que se fixa un prazo máximo que abranguerá o ano 2011, a Mancomunidad aprobará un convenio cos concellos que non formen parte da entidade supramunicipal que fixará as condicións de uso da microplanta e que deberá ser asumido por eles antes de iniciarse o servizo.

c) Serán de conta da entidade delegada tódolos gastos e custes que supoñan a explotación, mantemento, conservación e reparación dos bens, equipos e instalacións que se entreguen. Corresponderanlle en cambio á Deputación Provincial as obras de reforma e ampliación ou reposición da infraestrutura, agás que a necesidade das ditas obras poida obedecer a unha causa imputable á entidade delegada.

d) A entidade delegada poderá establecer, mediante a aprobación da ordenanza fiscal correspondente, unha taxa pola prestación dos servizos os municipios incluídos no ámbito territorial da microplanta que non formen parte da mancomunidad. A dita taxa deberá axustarse ó establecido na lexislación de facendas locais, e o seu importe non poderá exceder dos custes de prestación do servizo soportados pola Mancomunidad.

e) A entidade delegada deberá, en todo caso, garantir a prestación do servizo ós municipios incluídos no ámbito territorial da microplanta, con independencia da relación que o dito municipio teña coa entidade delegada, nas condicións fixadas no punto anterior. Poderán excluír do servizo a aqueles municipios que non teñan contrato de servizos en vigor con



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

SOGAMA (de ser esixible este requisito por parte de dita empresa pública) ou que non se encontren ó corrente do pagamento da taxa do servizo de transferencia de residuos sólidos urbanos, se é o caso, ou por calquera débeda xerada por liquidacións do indicado servizo.

f) A entidade delegada poderá aprobar, tralo informe previo desta Deputación Provincial, a ordenanza reguladora do servizo. En todo caso a Deputación resérvase a potestade de elaborar unha ordenanza provincial de carácter común para tódalas microplantas, á que, se é o caso, se supeditarán as ordenanzas das mancomunidades ou concellos.

g) En defecto da ordenanza provincial citada, a Deputación Provincial poderá establecer directrices técnicas de coordinación sobre o modo de realiza-la prestación do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a mancomunidad.

h) A Deputación Provincial prestará, con carácter gratuito, asistencia técnica á mancomunidad en tódolos aspectos relativos á xestión e explotación do servizo, a través do Servizo Provincial de Augas e Medio Ambiente.

Terceira.- Compensación económica pola xestión delegada.-

En compensación pola xestión económica delegada, a Deputación Provincial aboará á Mancomunidad a cantidade de 3,17 euros (IVE excluído) por cada tonelada de lixo entregada.

Este importe será revisado e actualizado anualmente o día un de xaneiro de cada ano, segundo as variacións experimentadas polo índice de prezos ó consumo nos 12 meses anteriores. As referidas actualizacións efectuaranse con carácter acumulativo, tomando como base para cada actualización o importe vixente na data da revisión

O pagamento desta cantidade realizarase conforme ó seguinte procedemento:

1º) A Deputación aprobará unha liquidación correspondente a cada trimestre natural, de conformidade coas toneladas de lixo transferidas no dito período. Esta liquidación será aprobada e notificada á mancomunidad nos primeiros dez días naturais do trimestre seguinte.

O pagamento da compensación realizarase no prazo máximo de noventa días a partir do remate do trimestre natural correspondente. A demora no pago por parte da Deputación dará dereito á Mancomunidad a percibi-los xuros legais previstos na lexislación de contratos do sector público.

En caso de existir discrepancias con respecto ó contido da liquidación, o prazo de pagamento sobre a parte na que non exista acordo computarase a partir do día seguinte ó da



data do acto administrativo ou xudicial no que se determine definitivamente o importe da liquidación.

Cuarta.- Compensación económica correspondente ó ano 2010.

Dado que a Mancomunidade levou a cabo xa a prestación delegada do servizo durante o exercicio 2010 – en virtude da delegación conferida pola Deputación Provincial mediante acordo plenario de 28 de abril de 2006 – e que a Deputación de Ourense ven percibindo a compensación económica por parte de SOGAMA dende o 1 de febreiro de 2010, a Deputación transferiralle á Mancomunidade, nunha única liquidación, a cantidade correspondente a este exercicio. O pagamento desta compensación deberá realizarse antes do 31 de marzo de 2011.

Quinta.- Comisión de Control e Seguimento.

Constitúese unha comisión de control e seguimento, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante da Mancomunidade, designados polo órgano competente de cada entidade. As funcións de presidencia da comisión corresponderanlle ó representante da Deputación. A secretaría da comisión corresponderalle ó secretario xeral da Deputación, con voz e sen voto.

O funcionamento desta comisión axustarase ó disposto para os órganos colexiados no Título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

En particular, corresponderanlle á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Estudar e propoñer as modificacións ou adicións ó presente convenio que se estimen convenientes.

- Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes acudan ós órganos da xurisdición contencioso administrativa impugnando os actos que dite a comisión de control e seguimento no exercicio desta función.

- Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.



Sexta.- Eficacia temporal do convenio.

O presente convenio terá vixencia a partir da data da súa sinatura e ata o 1 de febreiro de 2014, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por acordo entre as partes, e da eficacia retroactiva do disposto na cláusula cuarta.

Sétima.- Causas de resolución do convenio

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

a) Por mutuo acordo entre as partes.

b) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte entenderase referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.

c) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolverlo convenio porá previamente en coñecemento da comisión de seguimento a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda, contra a que caberá o exercicio das accións legalmente previstas no noso ordenamento xurídico.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a comisión de control e seguimento, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión xudicial polos órganos da xurisdición contencioso administrativa, de conformidade do a lexislación vixente.

O pago das obrigas derivadas da dita liquidación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

Oitava. Natureza xurídica. Xurisdición competente.

O presente convenio constitúe un negocio xurídico excluído do ámbito subxectivo da Lei de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 4.1.c) da dita lei.





DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

En consecuencia, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa a resolución das cuestións relativas á súa validez, interpretación, execución, efectos e extinción.


Novena. Substitución do acordo de delegación de 28 de abril de 2006.

O presente convenio substitúe totalmente ó acordo de delegación do exercicio da competencia de xestión desa microplanta adoptado polo Pleno da Deputación o 28 de abril de 2006, quedando o dito acordo sen efecto a partir da vixencia do presente convenio.

E, en proba de conformidade, asinan o presente documento, en Ourense, en triplicado exemplar e para un só efecto,

<p>POLA MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL DE CONCELLOS DO RIBEIRO</p> 	<p>POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE</p> 
<p>Asdo: Francisco José Fernández Pérez</p>	<p>Asdo: José Luis Baltar Pumar</p>

Dou fe, o secretario xeral da Deputación



Asdo: Francisco Cacharro Gosende